

PROGRAMACIÓN DEL
DEPARTAMENTO DE
ARTES PLÁSTICAS

1º E.S.O.

3º E.S.O.

4º E.S.O.

1º Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía

2º Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía

Curso 2012/2013

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE EDUCACION

PLASTICA E VISUAL

1º Curso da E.S.O.

Obxetivos:

1º) Percibir e interpretar-las imaxes e as formas do contorno natural e cultural, potenciando a sensibilidade, a memoria visual e a imaginación.

2º) Considerar e aprecia-lo feito artístico como fonte de gozo estético e como parte integrante do patrimonio cultural, contribuíndo activamente o seu respecto, conservación e mellora, enfatizando as manifestaciones propias da cultura galega.

3º) Aplica-la linguaxe plástica e visual noutras areas do currículo, establecendo relación coas demas linguaxes buscando o modo máis persoal e expresivo de comunicar.

4º) Adquirir e empreñar con precisión a terminoloxía específica da linguaxe plástica e visual.

5º) Estimula-la expresión creativa valorando o personalismo expresivo, a sensibilidade, o orixinalidade e a análise das representación obxetivas ou subxetivas, individuais ou colectivas.

6º) Valora-la importancia do linguaxe visual e plástico como medio de expresión e comunicación que contribúe a superar inhivicións e, polo, tanto, axuda á benestar persoal.

7º) Respetar e apreciar outros modos de expresión visual e plástica distinto do propio e dos dominantes no contorno, superando estereotipos e convencionalismos, elaborando xuízos e criterios persoais que permitan actuar con iniciativa e autonomía.

8º) Participar en actividades de grupo planificado individual e conjuntamente as fases do proceso para ós fins que se pretenden acadar .Adoptar actitudes de flexibilidade, solidaridade ,tolerancia, e interese, superando prexuizos e rexeitando calquera tipo de discriminación.

9º) Coñecer e aplicar correctamente diversas técnicas e desenvolver destrezas que favorezan e amplíen a capacidade expresiva, valorando o esforzo e o afán de superación que supón o proceso creativo.

10º) Facer uso dos hábitos adquiridos de observación, atención, precisión, pulcritude, análise, crítica e revisión das distintas fases de elaboración dunha obra individual ou colectiva.

CONTIDOS

TEMA 1. COMUNICACIÓN VISUAL

Comunicación visual
Linguaxe visual
Finalidade das imaxes

TEMA 2. ELEMENTOS BÁSICOS DA EXPRESIÓN PLÁSTICA

O punto
A liña
O plano
A textura

TEMA 3. A COR

Cores primarias e secundarias

Proceso de percepción da cor.

Mestura sustractiva.

Gama fría e cálida. Gama acromática.

Policromía e monocromía.

Círculo cromático e cores complementarias.

TEMA 4. AS FORMAS

Formas naturais e artificiais

Formas xeométricas e orgánicas

Siluetas, contorno e dintorno.

Formas pechadas e abertas.

Estilos artísticos: realismo, figuración e abstracción.

TEMA 5. TRAZADOS XEOMÉTRICOS

Trazados xeométricos básicos.

Rectas paralelas e perpendiculares.

División dun segmento, mediatriz e bisectriz

Ángulos. Elementos da circunferencia.

TEMA 6. FORMAS POLIGONAIS

Clasificación e trazado de triángulos e cuadriláteros.

Trazado de polígonos regulares

Polígonos estrelados.

TEMA 7. FORMAS SIMÉTRICAS

Simetría axial, radial e central

Trazado de figuras simétricas.

Aplicación creativa con simetría

Uso da simetría na Arte.

TEMA 8. FORMA E ESPAZO

Concepto de espazo

Da forma plana ao volume: desenvolvemento de poliedros

Representación do volume; encaixado.

Luz e sombra no volume.

O modelado

Materiais e técnicas

Colaxe e fotomontaxe.

Lapis de grafito. Lapis de cores. Rotuladores

Témpera. Técnica sobre seco e húmido

Degradados e efectos de transparencia

Estarcido, esgrafiado e estampación

Técnica mixta; ceras e aguadas

Modelado con arxila ou papel maché.

Análise de obras e movementos artísticos

Análise de diferentes obras artísticas en relación aos temas estudados.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Recoñece-las distintas manifestacións da linguaxe visual nas imaxes do contorno e clasificalas segundo a súa finalidade.

2. Describir gráfica e plasticamente unha forma dada identificando os seus elementos constitutivos: configuración estrutural, textura e cor.

3. Diferencia-la variedade de texturas visuais e táctiles que se poden producir con diversas técnicas e materiais e utiliza-las como elemento compositivo nunha obra, creando determinadas sensacións.

4. Describir graficamente formas identificando a orientación espacial e a relación entre as súas direccións.

5. Empregar recursos gráficos visuais para expresar sensacións ou emocións.
6. Realizar composicións con diferentes efectos visuais.
7. Utilizar los diferentes elementos da expresión plástica para elaborar composicións.
8. Elaborar composicións que creen determinadas sensacións a partir das gamas cromáticas.
9. Valorar a expresividade das harmonías de cores na natureza e na arte.
10. Realizar obras que utilicen a cor como elemento visual e expresivo.
11. Debuxar formas xeométricas empregando procedementos técnicos axeitados.
12. Adquirir o gusto pola precisión, a medida e o ritmo que aportan as formas poligonais nas obras de arte.
13. Experimentar libremente coas formas xeométricas en creacións artísticas.
14. Apreciar a mensaxe de orde e equilibrio que aporta a simetría ás formas e o contorno.
15. Experimentar distintas técnicas na realización de obras plásticas simétricas.
16. Construír volumes a partir de superficies planas.
17. Representar figuras do natural mediante o encaixe e o claroscuro.
18. Experimentar con materiais moldeables a realización de obras tridimensionais.
19. Recoñecer obras e artistas do patrimonio cultural, valorando os aspectos estéticos e culturais.
20. Elixir e manexar os materiais máis axeitados para elaborar un produto visual e plástico baseándose nos obxectivos plantexados.

21. Participar activamente nas actividades de clase, tanto no traballo individual como o de grupo mantendo una actitude colaboradora e aportando solucións propias e orixinais.
22. Demostrar interese pola aprendizaxe de novos conceptos e técnicas.
23. Respetar o traballo propio e alleo, aceptando as normas básicas de convivencia e colaborando na boa marcha da clase.
24. Facer un bo uso do material e instrumental.
25. Realizar as actividades propostas. Acudir co material necesario a clase.

MÍNIMOS ESIXIBLES

1. Manexar correctamente a escuadra e o cartabón
2. Realizar composicións utilizando rectas paralelas e perpendiculares.
3. Realizar una colaxe e/ou fotomontaxe.
4. Utilizar os puntos para crear a sensación de volume nun debuxo realizado a man alzada.
5. Realizar trazados con ángulos utilizando regra e compás.
6. Debuxar e medir ángulos con semicírculo.
7. Coñecer a clasificación de triángulos e cuadriláteros e realizar exercicios a partir dos datos dados.
8. Representar con exactitude formas poligonais, facendo uso dos materiais adecuados.
9. Aplicar o trazado de polígonos estrelados nunha composición decorativa.
10. Realizar unha vidriera utilizando formas xeométricas ou formas libres.

11. Realizar figuras simétricas (simetría axial, radial e central) por distintos procedementos.
12. Practicar a man alzada o debuxo de formas simétricas naturais.
13. Diferenciar as cores primarias das secundarias e ordena-los correctamente no círculo cromático.
14. Traballar con gamas frías e gamas cálidas.
15. Realizar mesturas de cores (témperas) para conseguir diferentes matices e facer un círculo cromático.
16. Utilizar diferentes técnicas pictóricas experimentando con diversos materiais.
17. Ampliar o reducir unha imaxe utilizando unha cuadrícula.
18. Entregar puntualmente os traballos coidando a presentación e limpeza.
19. Utilizar a rotulación normalizada nas láminas.
20. Realizar as actividades propostas. Acudir co material necesario a clase.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE EDUCACION

PLASTICA E VISUAL

3º Curso da E.S.O.

Obxetivos:

- 1º) Percibir e interpretar-las imaxes e as formas do contorno natural e cultural, potenciando a sensibilidade, a memoria visual e a imaginación.
- 2º) Considerar e aprecia-lo feito artístico como fonte de gozo estético e como parte integrante do patrimonio cultural, contribuindo activamente o seu respecto, conservación e mellora, enfatizando as manifestaciones propias da cultura galega.
- 3º) Aplica-la linguaxe plástica e visual noutras areas do currículo, establecendo relación coas demas linguaxes buscando o modo máis persoal e expresivo de comunicar.
- 4º) Adquirir e empreñar con precisión a terminoloxía específica da linguaxe plástica e visual.
- 5º) Estimula-la expresión creativa valorando o personalismo expresivo, a sensibilidade, o orixinalidade e a análise das representación obxetivas ou subxetivas, individuais ou colectivas.
- 6º) Valora-la importancia do linguaxe visual e plástico como

medio de expresión e comunicación que contribúe a superar inhihicións e, polo, tanto, axuda á benestar persoal.

- 7º) Respetar e aporeciar outros modos de expresión visual e plástica distinto do propio e dos dominantes no contorno, superando estereotipos e convencionalismos, elaborando xuízos e criterios persoais que permitan actuar con iniciativa e autonomía.
- 8º) Participar en actividades de grupo planificado individual e conjuntamente as fases do proceso para ós fins que se pretenden acadar .Adoptar actitudes de flexibilidade, solidaridade ,tolerancia, e interese, superando prexuízos e rexeitando calquera tipo de discriminación.
- 9º) Coñecer e aplicar correctamente diversas ´técnicas e desenvolver destrezas que favorezan e amplíen a capacidade expresiva, valorando o esforzo e o afán de superación que supón o proceso creativo.
- 10) Facer uso dos hábitos adquiridos de observación, atención, precisión, pulcritude, análise, crítica e revisión das distintas fases de elaboración dunha obra individual ou colectiva.

CONTIDOS

TEMA 1. PERCEPCIÓN E COMUNICACIÓN VISUAL

A percepción visual. Aspectos obxectivos e subxectivos. Constantes ou principios perceptivos. Ilusións ópticas.

Comunicación visual: contexto, significante e significado. Elementos da comunicación visual.

Linguaxe visual obxectiva, publicitaria e artística.

Imaxes estáticas e en movemento.

Funcións das imaxes: descritiva, informativa, estética e expresiva
Marcas, signos e símbolos.

TEMA 2. LINGUAXE AUDIOVISUAL

Características da linguaxe audiovisual: Tipos de planos, movementos e angulacións de cámara.

TEMA 3. ANÁLISE DAS FORMAS

Cualidades das formas: configuración, tamaño, material, textura, cor e posición.

Formas simples e complexas

Formas naturais e artificiais

Formas xeométricas e orgánicas

Estilos artísticos; realismo, abstracción e figuración.

TEMA 4. ELEMENTOS DE EXPRESIÓN

A liña como elemento expresivo e compositivo.

Introdución ao encaixado.

TEMA 5. A COR

A natureza da cor. A luz. A percepción das cores. Mecanismo da visión.

Síntese aditiva e substractiva

Cores complementarias

Círculo cromático

Cores terciarias

Harmonías cromáticas. Harmonía de afíns e harmonía de complementarias (contrastos harmónicos).

TEMA 6. LUZ E VOLUME

Luz natural e artificial. Clave tonal alta e baixa. Luz contrastada.

Cualidades da luz: dirección da luz; frontal, lateral, cenital e contraluz. Luz dura e suave

Representación do volume: o claroscuro. Luz propia, media luz, sombra propia e botada.

Técnicas para representar o claroscuro: sombreado raiado, mancha e grisalla.

TEMA 7. A COMPOSICIÓN

O formato. Rectangular, cadrado, circular, triangular, irregulares, rectángulo áureo, tridimensional.

Esquema compositivo. Simples e compostos.

Ritmos compositivos.

Equilibrio visual. Simétrico/asimétrico. Dinamismo / estatismo.

Equilibrio / desequilibrio.

Lei da balanza. Lei de terzos. E sección áurea.

TEMA 8. DEBUXO XEOMÉTRICO

Trazados xeométricos básicos; rectas paralelas e perpendiculares.

Mediatriz e bisectriz. Transporte de ángulos. Ángulos con escuadra e cartabón.

Polígonos regulares: coñecido o raio e o lado. Métodos particulares e método xeral. Polígonos estrelados.

Óvalo ovoide e espiral.

Tanxencias. Recta tanxente a circunferencia. Rectas tanxentes a dúas circunferencias exteriores. Circunferencia de raio dado tanxente a dúas rectas concorrentes. Circunferencia de raio dado tanxente a unha recta e unha circunferencia. Enlace de arcos de circunferencia sobre liña poligonal.

Curvas cónicas. Elipse, hipérbola e parábola.

TEMA 7. PROPORCIÓN E ESTRUTURAS MODULARES

Proporcionalidade. Teorema de Tales. Teorema da altura. Sección áurea.

Igualdade: Translación. Xiro. Triangulación e transporte de ángulos.

Simetría axial e central. Semellanza: radiación dende un vértice ou dende un punto exterior.

Escalas. Concepto de escala. Tipos de escala. Escalas normalizadas.

Escalas gráficas. Escala voante e contraescala.

Redes modulares.

TEMA 8. SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN

Introdución aos sistemas de representación.

Sistema diédrico. Representación do punto. Representación de sólidos sinxelos.

Acotación. Introducción. Sistemas de acotación. Normas de acotación. Sistema axonométrico. Isométrica de pezas sinxelas. Perspectiva cabaleira.

TEMA 9. OBRAS ARTÍSTICAS

Análise de obras de artistas e movementos artísticos ao longo da Historia.

Valoración da utilización dous recursos plásticos e expresivos en diferentes obras artísticas (debuxos, pinturas, fotografías, esculturas, cómics e arquitecturas).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Analizar imaxes tendo en conta elementos básicos constitutivos da sintaxe visual
2. Seleccionar os elementos configurativos da liña e textura, adecuándoos á descrición analítica da forma.
3. Crear composicións e encaixados coa liña como elemento clave para expresar emocións ou representar motivos do natural.
4. Identificar as ilusións ópticas e as figuras imposibles en imaxes de diversa procedencia.
5. Distinguir as diferentes finalidades das mensaxes visuais.
6. Elaborar imaxes que utilicen os recursos narrativos do cómic.
7. Diferenciar e representar os matices da cor na natureza e non contorno.
8. Coñecer o proceso de percepción da cor.

9. Diferenciar as cores pigmento primarias, secundarias e terciarias e completar o círculo cromático.
10. Elaborar composicións usando harmonías afíns e de contraste.
11. Representar xeometricamente formas naturais e artificiais.
12. Coñecer os distintos estilos artísticos e as súas formas de representación.
13. Diseñar composicións modulares sobre redes poligonais
14. Recoñecer o concepto de proporción nas manifestacións artísticas, na natureza e no ámbito.
15. Apreciar os trazados xeométricos na arte, o deseño e a arquitectura.
16. Utilizar nos debuxos xeométricos os recursos e regras con corrección, limpeza e claridade.
17. Interpretar composicións buscando distintas alternativas na organización das formas.
18. Describir unha forma tridimensional simple mediante a representación das súas formas fundamentais.
19. Representar a forma tridimensional nun plano, utilizando métodos normalizados como recurso gráfico.
20. Realizar esbozos e acotacións de pezas.
21. Diferenciar os distintos sistemas de representación gráfica.
22. Utilizar axeitadamente técnicas gráficas segundo ás intencións comunicativas.

23. Coñecer e valorar a utilización dous recursos plásticos e expresivos en diferentes obras artísticas (debuxos, pinturas, fotografías, esculturas, cómics e arquitectura).

MÍNIMOS ESIXIBLES

1. Realizar debuxos que dean a sensación de tridimensionalidade empregando os principios perceptivos estudados.
2. Diseñar imaxes cunha función preestablecida (pictogramas, sinais, logotipos...)
3. Coñecer e diferenciar diferentes estilos artísticos; realistas, figurativos e abstractos.
4. Realizar fotografías investigando as posibilidades comunicativas e expresando diferentes mensaxes ou significados por medio da imaxe.
5. Explicar en que consisten os diferentes tipos de planos e angulacións de cámara utilizados no cine e no cómic, ilustrando con diferentes fotos e imaxes.
6. Realizar un debuxo do natural empezando polo encaixado das liñas principais na lámina e utilizando a técnica do sombreado raiado para o claroscuro. Observar e reflectir no debuxo o estudo das luces e sombras.
7. Realizar un círculo cromático de 12 cores e estudar as relacións cromáticas entre eles.
8. Diferenciar as cores luz das cores materia e coñecer o seu comportamento ao mesturalos.
9. Realizar composicións de harmonía e contraste con témperas.
10. Diseñar e elaborar unha máscara con vendas de escaiola.

11. Utilizar a rotulación normalizada nas láminas e exercicios entregados.
12. Representar correctamente os trazados xeométricos e polígonos regulares con precisión e claridade.
13. Construír imaxes estéticas utilizando os polígonos estrelados.
14. Realizar correctamente o trazado de curvas cónicas, curvas técnicas e tanxencias.
15. Comprender e realizar con corrección os exercicios de proporcionalidade e aplicalos no trazado de escalas.
16. Construír figuras en relación de igualdade por medio de traslación, xiro, triangulación e transporte de ángulos.
17. Construír figuras simétricas e semellantes mediante procedementos xeométricos.
18. Realizar escalas gráficas (escala voante) e aplicalas na medición de figuras seguindo a acotación normalizada.
19. Realizar composicións baseadas en redes modulares e módulos. (Rede triangular e cadrada, manexando escuadra e cartabón).
20. Representar figuras xeométricas tridimensionais sinxelas en diferentes sistemas de representación (perspectiva isométrica, cabaleira e sistema diédrico)
21. Realizar as actividades e entregalas puntualmente coidando a presentación e adecuándose aos obxectivos propostos.
22. Respectar o traballo e o estudo, aceptando as normas básicas de convivencia e colaborando na boa marcha da clase.
23. Facer un bo uso do material, instrumental e instalacións da clase.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE EDUCACION

PLASTICA E VISUAL

4ºCurso E.S.O.

Obxetivos:

1º) Percibir e interpretar-las imaxes e as formas do contorno natural e cultural, potenciando a sensibilidade, a memoria visual e a imaginación.

2º) Considerar e aprecia-lo feito artístico como fonte de gozo estético e como parte integrante do patrimonio cultural, contribuíndo activamente o seu respecto, conservación e mellora, enfatizando as manifestaciones propias da cultura galega.

3º) Aplica-la linguaxe plástica e visual noutras areas do currículo, establecendo relación coas demas linguaxes buscando o modo máis persoal e expresivo de comunicar.

4º) Adquirir e empreñar con precisión a terminoloxía específica da linguaxe plástica e visual.

5º) Estimula-la expresión creativa valorando o personalismo expresivo, a sensibilidade, o orixinalidade e a análise das representación obxetivas ou subxetivas, individuais ou colectivas.

6º) Valora-la importancia do linguaxe visual e plástico como medio de expresión e comunicación que contribúe a superar inhivicións e, polo, tanto, axuda á benestar persoal.

7º) Respetar e apreciar outros modos de expresión visual e plástica distinto do propio e dos dominantes no contorno, superando estereotipos e convencionalismos, elaborando xuízos e criterios persoais que permitan actuar con iniciativa e autonomía.

8º) Participar en actividades de grupo planificado individual e conjuntamente as fases do proceso para ós fins que se pretenden acadar .Adoptar actitudes de flexibilidade, solidaridade ,tolerancia, e interese, superando prexuizos e rexeitando calquera tipo de discriminación.

9º) Coñecer e aplicar correctamente diversas ´técnicas e desenvolver destrezas que favorezan e amplíen a capacidade expresiva, valorando o esforzo e o afán de superación que supón o proceso creativo.

10º) Facer uso dos hábitos adquiridos de observación, atención, precisión, pulcritude, análise, crítica e revisión das distintas fases de elaboración dunha obra individual ou colectiva.

CONTIDOS

TEMA 1. DESEÑO

Deseño gráfico. Fundamentos. Valores funcionais e estéticos nas artes aplicadas.

Proceso de creación; ideas, bosquejos, proxecto, presentación final e avaliación.

Elaboración de proxectos plásticos de forma cooperativa.

Deseño de logotipos, anagramas, carteis, envases...

TEMA 2. DEBUXO EXPRESIVO (ELEMENTOS GRÁFICO-PLÁSTICOS)

O punto, a liña e a mancha.

Trazos e grafismos

Uso das texturas para a creación de tramas visuais.

TEMA 3. DEBUXO ARTÍSTICO

Representación obxectiva da realidade

Debuxo do natural. Apuntes. Encaixe e medición.

Bodegón e figura.

Claroscuro. Aplicación de sombras e efectos de luces.

TEMA 4. GRAVADO

Técnicas de estampación.

Gravado en linóleo. Proceso e uso dos materiais de gravado.

Ferramentas e posibilidades expresivas.

TEMA 5. COR

Dimensións da cor; matiz, luminosidade e saturación

Escalas cromáticas. Gamas cromáticas

Grisés coloreados. Cores terras ou apagados. Relatividade e interacción da cor. Contraste simultáneo e sucesivo.

Simbolismo e psicoloxía da cor

Tratamento da cor en imaxes dixitais con GIMP.

TEMA 6. XEOMETRÍA

Representación técnica de formas planas poligonais e curvas.

Aplicación ornamental de enlace de circunferencias.

Óvalo, ovoide e espiral.

Uso da Xeometría en el Arte.

TEMA 7. LINGUAXE AUDIOVISUAL

Xéneros cinematográficos.

Breve historia dos inicios do cine e a fotografía.

O plano e a secuencia. Encuadre. Tipos de plano. Angulacións e movementos de cámara.

Tempo filmico e tempo real. Transicións.

Fases na realización dunha película. O equipo cinematográfico.

Guión, rodaxe e edición.

Recursos gráficos na realización de banda deseñada. O story-board.

Aplicación dixital na realización dunha obra audiovisual.

TEMA 8. SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN

Perspectiva cónica. Fundamentos e elementos.

Trazado dun espazo interior en perspectiva cónica frontal.

Trazado de volumes básicos.

Cálculo de distancias en perspectiva cónica.

Aplicación creativa da perspectiva.

TEMA 9. TÉCNICAS VOLUMÉTRICAS

Realización de pezas cerámicas. Tipo de materiais e ferramentas.

Proceso e preparación.

Técnicas para a obtención de formas cerámicas.

Técnicas decorativas. Cocción.

Modelado de una escultura con barro.

Tema 10. PROPORCIONALIDADE

Proporcionalidade e escalas. Concepto de canon. A proporción na figura humana. Proporción na Arte. Posibilidades expresivas da desproporción e deformación.

Tema 11. ESTILOS E MOVEMENTOS ARTÍSTICOS.

Principais características de diferentes movementos artísticos o estilos en relación aos temas estudados.

Análise de algunhas obras pictóricas e escultóricas, tendo en conta o uso dos recursos plásticos, os factores expresivos e unha síntese dos valores que as caracterizan.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Analiza-los elementos representativos e simbólicos dunha imaxe.
2. Selecciona-lo tipo de textura, adecuándoos a finalidade expresiva da representación gráfica.
3. Describir gráfica ou plasticamente obxectos tridimensionais identificando os seus elementos esenciais.

4. Describir, mediante os distintos sistemas de representación, formas tridimensionais elementais.
5. Describir obxectivamente as formas, aplicando sistemas de representación e normalización
6. Manexar con corrección os instrumentos e materiais axeitados ás diversas técnicas gráficas, plásticas e visuais.
7. Relacionar artistas e movementos analizando as características formais e expresivas das súas obras.
8. Recoñecer obras de artistas diversos e de diferentes épocas e estilos.
9. Utilizar recursos informáticos e novas tecnoloxías no proceso de elaboración da imaxe fotográfica, o deseño gráfico e a edición videográfica.
10. Colaborar na realización de proxectos plásticos que requiren unha organización de forma cooperativa.
11. Realizar obras plásticas experimentando e utilizando diversidade de técnicas (debuxo, volume, pintura, gravado...)
12. Elaborar obras multimedia e producións videográficas utilizando as técnicas adecuadas ao medio.

MÍNIMOS ESIXIBLES

1. Diseñar imaxes e obxectos de acordo á función preestablecida, buscando solucións propias e orixinais.
2. Realizar composicións creativas utilizando como base os elementos da linguaxe visual (punto, liña, plano, textura..) para

expresar emocións e producir distintas sensacións visuais (movemento, volumen..).

3. Manexar adecuadamente os instrumentos de debuxo xeométrico.
4. Coñecer as dimensións da cor e aplicar as escalas cromáticas en composicións pictóricas.
5. Realizar distintas mesturas de cores para a obtención de gamas cromáticas e de cores terras ou apagadas.
6. Apreciar as posibilidades da cor para transmitir emocións.
7. Coñecer e empregar adecuadamente os procesos no trazado de tanxencias, enlaces e outros trazados xeométricos estudados.
8. Apreciar o uso da xeometría en formas artísticas e aplicarlala no deseño de composicións decorativas.
9. Empregar a normalización (rotulación, grosos de liñas...) nas láminas.
10. Representar sólidos xeométricos sinxelos en perspectiva cónica.
11. Comprender os fundamentos da perspectiva e utilizarlos convenientemente no debuxo de espazos arquitectónicos.
12. Coñecer os procesos, materiais e posibilidades creativas nas técnicas do gravado e a cerámica. Elaborar as súas propias creacións planificando o traballo e avaliando os resultados obtidos.
13. Realizar debuxos do natural (bodegón e figura) seguindo as fases de encaixe das liñas principais, debuxo dos contornos e estudio do claroscuro. Empregar diferentes técnicas, carboncillo, lapis conté, xiz, grisalla...
14. Coñecer os xéneros cinematográficos e os elementos da linguaxe audiovisual.

15. Realizar exercicios de tratamento de imaxes dixitais co programa GIMP.
16. Realizar as actividades propostas no prazo previsto.
17. Coidar a presentación final e acabado dos proxectos realizados.
18. Usar adecuadamente o material e os instrumentos, tanto os propios como os dos compañeiros e os da aula.
19. Aproveitar o tempo das clases para o traballo e a aprendizaxe das diferentes técnicas e procedementos. Preparar previamente o material e recursos necesarios para a realización das actividades. Respetar as normas de convivencia e colaborar na boa marcha da clase.
20. Colaborar na realización dun corto de forma cooperativa, participando activamente en todas as fases de creación, tanto na elaboración do guión, como na rodaxe e posterior edición.

Instrumentos de avaliación:

Realizaranse periódicamente traballos na aula que poderan ser rematados na casa e entregados no seguinte día sempre e cando no rematase o dito traballo na aula. Traballos que seran calificados e entregados a os alumnos. Condición necesaria aínda que non suficiente para poder aprobar o curso.

Realizaranse exames si o xuício do profesor así o require.

A nota obtida das dúas probas será a nota da avaliación.

O comportamento na clase, así como o bo cuidado do material da aula ou do propio tamen será motivo de calificación.

Todos os traballos realizados durante o curso deberán ser conservados deica xuño, por si se desexa valora en conxunto o traballo total do curso.

PROGRAMACION DO DEBUXO TECNICO

de 1º de Bacharelato

Curso 2010-2011

Obxetivos:

O ensino do Debuxo Técnico no bacharelato terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1º) Utilizar adecuadamente e con destreza os instrumentos e a terminoloxía específica do Debuxo Técnico.

2º) Valorar a importancia que ten o acabado e a presentación do debuxo e á diferenciación dos distintos trazos que o configuran a súa exactitude e limpeza e o coidado do soporte.

3º) Considerar o debuxo técnico como unha linguaxe científica, valorando a necesidade de coñecer a súa sintaxe para poder expresar e comprender a información.

4º) Coñecer e comprender os principios fundamentais da xeometría métrica aplicada para resolver problemas de configuración e descripción de formas no plano.

5º) Comprender e empregar os sistemas de representación para resolver problemas xeométricos no espazo e representar figuras tridimensionais no plano.

6º) Valorar a universalidade da normalización no debuxo técnico e aplicar as principais normas U.N.E e I.S.O referidas a obtención posición e acoutamento das vistas das formas descritas.

7º Conseguir a destreza e a rapidez necesarias oa empregar o esbozo e a perspectiva a man alzada como medios de expresión gráfica.

8º Planificar e reflexionar sobre o proceso de realización de calquera construción xométrica tanto de forma individual como colectiva, sendo capaces de establecer con flexibilidade e responsabilidade as relación necesarias naquelas actividades que requiran dun traballo colectivo.

9º Integrar os coñecementos de debuxo técnico dentro dos procesos tecnolóxicos e en aplicacións da vida cotiá, revisando e valorando o estado de consecución do proxecto ou actividade sempre que sexa necesario.

10º Interesarse polas normas tecnolóxicas e os programas de deseño, utilizando e valorando oas súas posibilidades na elaboración dos planos técnicos dun proxecto.

Contenidos conceptuais:

Arte e debuxo Técnico:

Orixe e principios feitos da historia do debuxo técnico.

A xeometria na arte.

A estetica do debuxo técnico.

Debuxo geométrico:

Rotulación normalizada.

Rotulación normalizada tanto en letras como en números.

Xeometría plana:

1º Trazados fundamentais no plano.

Paralelismo

Perpendicularidade.

Ángulos.

2º Proporcionalidade e semellanza.:

Teorema de Tales.

Media proporcional

Tercera proporcional.

Cuarta proporcional.

3º Semellanza entre figuras:

4º Equivalencias.

5º Escalas.

6º Triángulos. Liñas e puntos notables dun triángulo.

Ortocentro, Baricentro, Incentro e circuncentro. Triángulo órtico

Cuadriláteros

Polígonos regulares e irregulares

Polígonos estrelados.

Análise e construción de polígonos regulares a partir do seu lado ou do radio da circunferencia circunscrita.

7º Transformaciones xeometricas:

Traslacion, Xiro, Simetria etc.

Homoloxia

8º Tanxencias:

Tanxencias como aplicación dos conceptos de potencia e inversión.

Circunferencia que pasa e é tanxente a unha recta exterior

Circunferencia tanxente a dúas rectas e que pasa por un punto.

Circunferencias que pasan por dous puntos e son tanxentes a outra circunferencia.

Circunferencia que pasa por un punto e é tanxente a outra circunferencia e a unha recta dada.

Circunferencia tanxente a dúas rectas e a outra circunferencia dadas.

Circunferencias tanxentes a outras dúas circunferencias e a unha recta dadas.

Circunferencia tanxente a dúas circunferencias e que pasa por un punto exterior.

9º Curvas técnicas.

Óvalos

Ovoides.

Espirais.

10º **Curvas cónicas:**

Orixe das curvas conicas como intersección entre un plano e unha superficie conica.

Elipse: definición, elementos e metodo para a sua construción.

Circunferencia focal.

Rectas tanxentes a unha elipse nun punto dela, desde un punto exterior e sedundo unha dirección. Intersección dunha recta cunha elipse.

Hipérbola :definición ,elementos e método para a sua construción .Circunferencia focal,.Rectas tanxentes a unha hipérbola nun punto dela, e desde un punto exterior e segundo unha dirección dada.

Parábola: definición,elementos e métodos para a sua construción .Circunferencia focal Rectas tanxentes a unha parábola nun punto dela, desde un punto exterior e segundo una dirección dada.

11º Sistemas de representacion.

Fundamentos dos sistemas de representacion.:

Diédrico.

Representación do punto, recta e plano; as súas relacións e operacións (transformacións mais usuais).

Axonométrico.

Isometría e representacións de sólidos.
Perspectiva cabaleira.

Sistema cónico. Perspectiva central e oblicua .Representación de sólidos. Análise da elección do punto de vista no perspectiva cómica.

12º Normalización:

Normas fundamentais U.N.E e I.S.O
Debuxo industrial.
Croquización
Acotación.

13º Actitudes ,valores e normas

Interese pola presentación pulcra dos proxectos
Valoración da linguaxe técnica.
Respecto polas creación alleas.

Criterios de Avaliacion.

Resolver problemas xeometricos, ben e con un acabado preciso e pulcro.

Manexo dos instrumentos de debuxo dunha forma precisa e con destreza. Escuadra, cartabón, paralex etc.

Resolución de problemas de tanxencia

Resolución de problemas de curvas cónicas

Conocimientos básicos do sistema diédrico.

Representar vistas de pezas e acotarlas segun as normas (en pezas reais).

Dadas as vistas dunha peza obter a perspectiva Cabaleira da mesma

Dadas as vistas dunha peza obter a perspectiva isometrica da mesma.

Dada a peza en perspectiva (tanto cabbaleira como isometrica) obter as correspondiente vistas e acotarlas.

Calificacions.

Se puntuaran todas e cada una das laminas realizadas durante o curso e de ahí saira o 50 por cento da nota. O outro 50 por cento saira dos exames que realizaranse cada trimestre.

Poderanse hacer exames sorpresa despois de acabado cada tema e puntuara igual que unha lamina.

Tamen faranse exames tipo tes de carácter teorico e puntuaran igual que unha lamina.

Contidos mínimos.

Construcción de Triángulos, cuadriláteros e polígonos

Trazado de tangencias entre recta circunferencia y circunferencias, ejercicios sin selos.

Realización de curvas cónicas e curvas técnicas.

Croquización e acotación de piezas sencillas

Realización de perspectivas tanto cabaleira como isométrica a partir de piezas croquizadas e acotadas.

Todos los dibujos acompañados de una correcta rotulación.

A limpieza en las láminas es fundamental.

**PROGRAMACIÓN DIDACTICA
DEBUXO TÉCNICO.
2º BACHARELATO TECNOLÓXICO.**

Curso 2010-2011

Obxetivos:

Entende-lo debuxo técnico como unha linguaxe universal que nos permite expresar gráfica e obxetivamente unha realidade.

Desenvolve-las destrezas necesarias para expresarse con instrumentos específicos do debuxo, utilizando as técnicas axeitadas e ofrecendo solucións claras, precisas e obxetivas.

Desenvolve-la visión espacial para ser quen de realizar, e situar e comparar-las formas tanto no espazo real como a súa correspondencia no espazo do debuxo.

Coñecer e comprender-las regras do debuxo técnico para interpretar-la representación de formas como imaxe da realidade.

Usa-los medios e coñecementos propios do debuxo técnico no investigación e solución razoada de problemas científicos e técnicos.

Acepta-la normalización como convencionalismo universal que simplifica e facilita o entendemento da representación ou racionaliza-la produción dunha determinada realidade.

Coñecer e respetar-las principais normas (UNE e ISO), na execución de planos técnicos.

Desenvolve-la destreza expresiva necesaria para trazar bosqueños a man alzada, rexistrando os aspectos fundamentais de forma, orientación, proporción, detalles, medida etc, dunha determinada realidade.

Programación de Debuxo Técnico

2º Bacharelato tecnolóxico.

Curso 2010-2011

Repaso de xeometría plana

Contidos conceptuais.

1º: Trazados geométricos:

Trazado no plano, ángulos na circunferencia, arco capaz

Lugares xeométricos.

Triángulos: rectas notables nun triángulo.

(altura, mediana, bisectriz e mediatriz)

Puntos notables nun triángulo.

(Ortocentro, baricentro, incentro e circuncentro).

Triángulo órtico

Cuadriláteros .

2º: Proporcionalidade e semellanza.

Media proporcional

Teorema do cateto e da altura,

Figuras semellante e a súa diferenza coas homotéticas.

Razón de semellanza.

3º: Potencia.

Definición. Centro radical de dúas circunferencias

Segundo sexan secantes tangentes ou exteriores.

Centro radical de tres circunferencias . A sección aurea

Problema directo e inverso na obtención de relación

aúreas. O rectángulo áureo.

4º: Polígonos.

Análise e construción de polígonos regulares a partir do seu lado ou do radio da circunferencia circunscrita.

5º: Transformacions xeometricas .

Razón simple de tres puntos alineados.

Proxectividade e homografía : definición.

Homoloxia: definición centro, eixe e recta limite.

Afinidade :definición eixe e dirección.

Inversión : definición, centro e razón.

6º: Tangencias.

As tangencias como aplicación dos conceptos de potencia e inversión.

Circunferencia que pasa e é tangente a unha recta exterior. Circunferencia tangente a dúas rectas e que pasa por un punto. Circunferencias que pasa por dous puntos e son tangentes a outra circunferencia.

Circunferencia que pasa por un punto e é tangente a outra circunferencia e a una recta dada.

Circunferencia tangente a dúas rectas e a outra circunferencia dadas.

Circunferencia tangente a outras dúas circunferencias e a unha recta dadas.

Circunferencia tangente a dúas circunferencias e que pasa por un punto exterior.

7º Curvas Cónicas:

Elipse.

Hipérbola

Parábola.

8º Curvas técnicas.

Cicloide.

Epicycloide, etc

9º. Ovalos y ovoides

SISTEMAS DE REPRESENTACION.

Sistema diédrico:

Repaso de representación do punto recta e plano.

Intersección de planos

Abatements.

Xiros.

Cambios de plano.

Verdadeiras magnitudes.

Intersección de rectas e planos

Representación de formas poliédricas e de revolución (cilindro, cono, esfera)

Representación de poliedros regulares (tetraedro, hexaedro, octaedro, etc)

Obtención de intersección de poliedros con rectas e planos.

Obtención de desenvolvementos.

Sistema axonometrico ortogonal e oblicuo:

Fundamentos, proxecciones, coeficientes de reducción, obtención de intersección e verdadeiras magnitudes.

Representacións de figuras poliédricas e de revolución.

Sistema cónico:

Fundamentos e elementos do sistema.

Perspectiva central e oblicua.

Representación do punto, da recta e do plano.

Obtención de interseccions.

Representación de figuras reais. (tanto de revolución como outras).

Sistema de planos acotados.

Representación do punto, recta e plano (as súas relacións e operacións máis usuais). Transformacións.

Criterios de avaliación

1º Resolver problemas geométricos valorando o método e o razoamento das construcións, e o seu acabado e presentación.

Coa aplicación deste criterio preténdese saber o nivel alcanzado do coñecemento e dominio dos trazados xeométricos no plano e a súa aplicación práctica no construcións de triángulos, cuadriláteros e polígonos en xeral, e construción de figuras semellantes, equivalentes, homologas ou afin a outras dadas.

2º Executar debuxos técnicos a distinta escala establecida previamente e as escalas normalizadas.

Trátase de valorar a capacidade para aplicar na práctica ps conceptos relativos as escalas así como o traballo con distintas escalas gráficas na execucións ou reprodución de debuxos técnicos. Valorarase igualmente a destreza e a precisión.

3º Resolver problemas de tangencias de xeito illado ou inseridos na definición dunha forma, xa sexa esta de carácter industrial ou arquitectónico.

A través deste criterio valorarase, tanto o coñecemento teórico como a súa aplicación práctica na definición de formas constituídas por enlaces. Valorarase especialmente o proceso seguido na súa resolución dos puntos e tangencias.

4º Resolver problemas xeométricos relativos as curvas cónicas en que intervenían elementos principios destas, intersección con rectas ou rectas tangentes. Trazar curvas técnicas a partir da súa definición.

Este criterio permitirá coñecer o grao de comprensión adquiio das propiedades e características das curvas cónicas e técnicas, para podelas definir gráficamente a partir de distintos supostos. Valorarase ademais do proceso seguido na resolución do problema, a exactitude e precisión na definición das curvas o dos puntos de intersección ou tangencias.

5º Utilizar o sistema diédrico para resolver problemas de posicionamento de puntos, rectas, figuras planas, e corpos e as relacións que establecen entre elas no espazo.

A intención deste criterio é valorar o nivel acadado polo alumno na comprensión do sistema diédrico e na utilización dos métodos de xeometría descriptiva para representar formas planas ou corpos e as súas relacións.

6º Realizar a perspectiva dun obxeto definido polas súas vistas ou seccións e vivevers, executadas a man alzada e/ou delineadas.

Preténdese avaliar con este criterio a visión espacial desenvolta e a capacidade de comprender e relacionar os distintos sistemas de representación estudados, ademais de valorar as habilidades e destrezas adquiridas no manexo dos instrumentos e no trazado a man alzada.

7º Definir gráficamente pezas e elementos industriais ou de construción, aplicando correctamente as normas referidas a vistas, cortes, seccións, roturas e anotación.

Establécese este criterio para avaliar en que medida é capaz de elaborar os planos técnicos necesarios para describir e/ou

fabricar un obxero ou elemento, de acordo coas normas establecidas no debuxo técnico.

8º Empregase o sistema de planos acotados , xa sexa para resolver problemas de intersección, xa para obter o perfil dun terreo a partir das súas curvas de nivel.

Mediante a aplicación deste criterio, avalíase o nivel de coñecementos do sistema de planos acotados para utilizarlos na resolución de casos prácticos. Así mesmo, a utilización de escalas permitira igualmente,coñecer o nivel de integración dos coñecementos que se van adquirindo.

9º Culminar os traballos de debuxo técnico utilizando os diferentes recursos gráficos, de forma que estes sexan claros, limpos e respondan a os obxetivos para os que foron realizados.

Con este criterio quérease valorar a capacidade para dar distintos tratamentos ou aplicar diferentes recursos gráficos, ou ata informáticos, en función do tipo de debuxo que se vai realizar e das distintas finalidades deste. Este criterio debera integrarse no resto de criterios de avaliación na medida que lles afecte.